DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
REXISTRO XERAL
- 6 FEB 2017
N.º ENTRADA | N.º SAIDA 1511

Copia

En contestación á petición realizada na sesión plenaria de data 27 de xaneiro de 2017, na que di: "Quere que se lle responda por escrito a cales e cantos concellos se lles deron actuacións gratuítas a través da rede cultural. Manifesta que esta propia rede prevé novas incorporacións, e pregunta se esas incorporacións se van poder facer no ano natural ou se teñen unha data establecida." achégolle informe do Asesor de Política Cultural.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 3 de febreiro de 2017

O PRESIDENTE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ , deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo do PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.